

Código da non-violencia para o deporte  
e para a vida. Un recurso para sensibilizar  
sobre a violencia no deporte  
e a violencia de xénero

*Command Code of Non-Violence for Sport and Life.  
A Resource to Raise Awareness about  
Violence in Sport and Gender Violence*

---

MARÍA-JOSÉ MOSQUERA-GÓNZALEZ

Universidade da Coruña, grupo de investigación Formación e Orientación para a Vida (FORVI),  
Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación,  
Facultade de Ciencias da Educación, Elviña, 15071 A Coruña, España  
<maria.jose.mosquera@udc.gal>

Recibido: 15/06/2019

Aceptado: 30/07/2019

## Resumo

Este texto presenta o Código da non-violencia para o deporte e para a vida, así como a súa conexión co marco conceptual da non-violencia e coa teoría dos ámbitos intercondicionantes, que foi deseñada para explicar a aparición da violencia a partir da ordenación das súas causas nos ámbitos de procedencia correspondentes. O obxectivo deste código non é outro que presentar e describir a cultura deportiva da non-violencia, un modelo en positivo que axude a reflexionar sobre as formas de actuar, pensar e sentir no deporte e na vida en relación coa violencia, e en particular tamén sobre a violencia de xénero.

Dado que o devandito código se formula no formato dun cuestionario, resulta un instrumento práctico que pode ser utilizado por docentes, adestradores/as, directivos/as, xogadores/as, alumnado ou calquera persoa interesada doutros campos laborais, coa oportuna adaptación. Dunha maneira especial, permítelle ao/á profesional da educación física ter coñecemento sobre a violencia no deporte, incluídas as condutas de machismo cotián con categoría de violencia de xénero, debidas ás diferenzas de status e dereitos das mulleres e os homes na sociedade e no deporte patriarcais. Tamén é posible entendela como formulario de observación de compañeiros/as, alumnado, adestradores/as, outros/as profesionais e persoas en xeral; só hai que pensar no que a persoa observada contestaría.

Unha vez respondido o cuestionario é posible detectar as condutas con que se está de acordo ou en desacordo, mais tamén as que non se levan a cabo (dobre moral) aínda que se manifeste acordo. Por tanto, quedan identificadas as tarefas pendentes para mellorar no futuro. Finalmente, ofrécese nel un contrato e un carné da non-violencia para demandar o compromiso da persoa que o contestou e crear identidade de grupo, o Club da Non-violencia.

**Palabras chave:** violencia no deporte, non-violencia, violencia de xénero, deporte, código.

**Abstract**

*This text presents the Code of Nonviolence for Sport and for Life, as well as its connection with the conceptual framework of Nonviolence and with the Theory of Interlocking Spheres, which was designed to explain the emergence of violence from the ordering of causes in the corresponding fields of origin. The aim of this code is to present and describe the sports culture of nonviolence, a positive model that helps to reflect on the ways to act, think and feel about sport and life in relation to violence, and in particular also about gender violence.*

*Since the Code is in a questionnaire format, it is a practical tool that can be used by teachers, coaches, managers, players, students or anyone interested in other fields of work, prior adaptation of the contexts. In a special way, it allows the practitioner of Physical Education to have knowledge of violence in the sport; including in it the behaviours of daily machismo with category of gender violence, because of differences in the status and rights of women with respect to men in society and in patriarchal sport. It is also possible to understand it as an observation form for peers, students, coaches, other professionals and people in general; one only has to think if the person observed would express agreement or disagreement.*

*Once the Code has been answered, it is possible to detect the conduct with which there is agreement or disagreement, but also those which are not carried out (double standards) although I agreed. Remaining tasks for future improvement are therefore identified. Finally a contract and a nonviolence card are offered to demand the commitment of the person who has responded to the questionnaire and create group identity, the Club of Nonviolence.*

**Keywords:** *Violence in sport, Non-violence, Gender violence, Sport, Code.*

## 1. Introducción

O Código da non-violencia para o deporte e para a vida é o resultado dunha investigación sobre a violencia no deporte que se inicia na década dos anos noventa coa observación das condutas de espectadores/as no estadio de Riazor (A Coruña), en partidos cualificados de alto risco (Mosquera, Saavedra-García e Domínguez 1997). Este proceso complementábase no ano 2000 coa elaboración do marco teórico da non-violencia, que tamén inclúe propostas educativas de xogos e actividades para todas as idades (Mosquera, Lera e Sánchez 2000); e, posteriormente, continúaase coa publicación de tres guías sobre a non-violencia no deporte e na vida, como proposta e recurso didáctico para traballar a cultura da non-violencia en educación primaria con docentes, nais e pais e alumnado (Mosquera 2004a, 2004b, 2004c).

A partir das observacións realizadas no estadio de Riazor e nas inmediacións, antes e despois dos partidos, e da obrigada revisión bibliográfica, establécese a seguinte clasificación dos tipos de condutas de violencia (Sánchez e Mosquera 2002): física, verbal, xestual, simbólico-psicolóxica e xogo sucio. Esta clasificación non só é axeitada para o mundo do deporte, pois comprobouse que tamén o é para outras violencias: para o mundo laboral, para o acoso escolar ou para a violencia de xénero. Enténdese o xogo sucio como violencia dado que nesa situación non se respectan as normas establecidas, e o obxectivo da investigación era denunciar as trampas cotiás que se normalizaran co paso dos anos, ademais de outorgarlles a categoría de violencia. Esta cuestión ten moito que ver coa *definición de violencia* a que se chega: condutas que transgreden os límites do establecido socialmente (Mosquera 2004a).

A definición de violencia presentada introduce unha cuestión fundamental: que a violencia é unha *construción social*. Isto significa que cada sociedade establece os límites do que considera aceptable ou sancionable, e que continuamente se está a buscar un equilibrio entre os límites da violencia e as posturas a prol da non-violencia para definir as condutas aceptables; e implica que o significado da violencia varía ao longo das distintas épocas históricas e sociais, de xeito que o que noutro momento non se consideraba violencia, na actualidade si que se cualifica como tal.

Así mesmo, cómpre termos en conta que a sociedade experimentou un *proceso de civilización* (Elias e Dunning 1992) con respecto á aceptación da violencia: cada vez somos máis esixentes e rexeitamos condutas normalizadas. Porén, ese carácter de construción social da violencia tamén provoca que dentro dunha mesma sociedade

poidan existir diferentes conceptos sobre o que debe ser considerado como tal e o que non; e, igualmente, que na percepción da violencia incidan diferentes variables, como por exemplo o xénero ou o rol, de vítima ou de agresor/a. Como conclusión, podemos dicir que un suceso é violento a partir da percepción e o significado que unha persoa lle outorga a esa conduta nesa situación, condicionados tamén pola lexislación vixente.

## 2. O marco lexislativo e os procesos de civilización

Estes axustes no marco conceptual da violencia e o mesmo proceso de civilización acontecen no ámbito tanto do deporte como da violencia de xénero, de xeito que podemos identificar na lexislación que se aproba a sanción de condutas que noutro momento foron consentidas. A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte<sup>1</sup>, regulaba nos seus artigos 60 a 69 a prevención da violencia nos espectáculos deportivos. Posteriormente, estes artigos foron derogados pola Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte<sup>2</sup>, na cal se determina a creación, nos anos seguintes, da comisión estatal do mesmo nome<sup>3</sup> que emite informes anuais (Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte s. d.) e do Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte<sup>4</sup>.

De todas as formas, tal e como denuncia María José López (2017), nas estatísticas non se vincula a violencia co xénero, e na mencionada comisión non hai espazo para as asociacións de mulleres deportistas. No contexto autonómico as preocupacións tamén dan como resultado informes particulares, como é o caso do presentado recentemente polo Goberno Vasco en marzo deste ano (Aldaz e Espizua 2019).

Canto á violencia de xénero, igualmente se producen decisións e transformacións no sentido civilizador apuntado. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas

<sup>1</sup> BOE n.º 249, do 17 de outubro de 1990. <https://bit.ly/2lzJ8j8>.

<sup>2</sup> BOE n.º 166, do 12 de xullo de 2007. <https://bit.ly/2L4jZew>.

<sup>3</sup> Real decreto 748/2008, do 9 de maio, polo que se regula a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte. BOE n.º 120, do 17 de maio de 2008. <https://bit.ly/30BDul4>.

<sup>4</sup> Real decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. BOE n.º 59, do 9 de marzo de 2010. <https://bit.ly/3229ejD>.

de protección integral contra a violencia de xénero<sup>5</sup>, representa un fito, dado que visibiliza esa realidade e a converte en asunto do Estado, ademais de identificar as condutas sancionables, incidir na igualdade de homes e mulleres e propor a formación como medida de prevención de conflitos e para a resolución pacífica destes.

Máis adiante, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes<sup>6</sup>, representa un paso fundamental para evidenciar as condutas de discriminación cara ás mulleres que até ese momento se pasaban por alto e que se asumían como normais. Reivindicacións que se traducen en consecuencias xurídicas (artigo 10), que poñen de manifesto a transversalidade do principio de igualdade de tratamento entre homes e mulleres e as obrigas dos poderes públicos (artigo 15), e que falan tanto da discriminación directa como da indirecta (artigo 6); pero que, porén, non evitan que no mundo do deporte, en particular, continúen a poñérselles trabas ás mulleres (López 2017). Para acadar solucións, entre outras, sería necesaria a incorporación da perspectiva de xénero na xestión deportiva, como propoñen a Federación Española de Municipios e Provincias e o Consello Superior de Deportes (2011).

A pesar da desvantaxe das mulleres no deporte e da presenza da violencia en todos os ámbitos, sen dúbida a lexislación mencionada favorece que, uns anos despois, María José Díaz-Aguado e María Isabel Carvajal (2011) dirixan o primeiro estudo estatal sobre a prevención da violencia de xénero na adolescencia, cun seguimento tres anos máis tarde; e que en 2015 a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero realice a primeira macroenquisa sobre a violencia contra a muller, aínda que xa existían estudos previos institucionais desde o ano 2009 (Meil 2011).

Poderíamos dicir que a violencia, tanto a que se produce no deporte como a de xénero (dentro ou fóra do deporte), ou mesmo o acoso escolar, son condutas culturais, aprendidas e transmitidas pola socialización e os procesos educativos que se levan a cabo na familia, na escola, no deporte e nos medios de comunicación, dentro do contexto da sociedade patriarcal que restrinxe os dereitos humanos. Concluimos que a violencia está en todas as áreas da sociedade, pois «en canto aprendizaxe cultural, vai coa persoa alí onde ela vai» (Mosquera 2004a).

<sup>5</sup> BOE n.º 313, do 29 de decembro de 2004. <https://bit.ly/2Htjv0C>.

<sup>6</sup> BOE n.º 71, do 23 de marzo de 2007. <https://bit.ly/2Zi5bTE>.

### 3. O deporte como medio de pertenza dos homes e medio de referencia das mulleres

Na liña de describir as diferentes oportunidades de homes e mulleres no contexto deportivo, é preciso considerarmos antes de máis que o deporte, nun sentido macro, desde o seu nacemento na sociedade moderna, é o *medio de pertenza* dos homes, un territorio masculino en que se transmiten as maneiras de obrar, pensar e sentir propias do seu rol hexemónico; en definitiva, o mellor lugar onde descubrir e construír a masculinidade acompañado doutros homes. Por este motivo, os deportes etiquetados pola sociedade como masculinos teñen maior status e presenza na sociedade e nos medios de comunicación. En cambio, para as mulleres o deporte, no sentido macro mencionado, é un *medio de referencia* (Mosquera 2014), aínda que haxa deportes etiquetados como femininos que si son medios de pertenza para elas.

O franquismo supuxo unha limitación para a práctica deportiva das mulleres, xa que se restrinxiron os deportes que se consideraban aptos para elas, pois todos debían estar dentro dun paradigma da femineidade baseado na exaltación da maternidade (Mosquera e Puig 1998). En consecuencia, o mundo do deporte, de partida, non é o mundo das mulleres, dado que non está vinculado ao seu rol hexemónico; porén, as mulleres foron entrando nel, pouco a pouco, e xa desde a última década do franquismo (García 1992), igual que o fixeron noutros campos da sociedade como o laboral ou o político. Xa que logo, para practicar deporte, van ter que resocializarse, no sentido de volver aprender maneiras de obrar, pensar e sentir distintas ás interiorizadas a través do seu rol hexemónico feminino. Cando o conseguen e fan súa a cultura deportiva, redefinen e particularizan o seu rol de xénero, distáncianse do rol hexemónico e o deporte pasa a ser o seu medio de pertenza.

Cando isto ocorre, cando o deporte é o medio de pertenza das mulleres, a práctica deportiva de homes e mulleres é semellante, como demostran os datos que se teñen sobre os hábitos deportivos da poboación española (García e Llopis 2017) e tamén os propios resultados deportivos das mulleres nos últimos anos en todas as modalidades e categorías, de maneira especial nos Xogos Olímpicos (Jiménez 2015). Así mesmo, a comparación dos estudos estatais sobre a violencia de xénero na adolescencia realizados en 2010 e 2013 (Díaz-Aguado 2016) revela que neste período diminuíu a porcentaxe de rapazas que non dedicaba nada de tempo ao deporte, e que aumentan as persoas que din practicalo entre 1-2 horas e entre 2-3 horas á semana.

De todos os xeitos, os salarios ou primas das mulleres deportistas sempre son menores, mesmo nos campionatos mundiais (Redacción Marca 2019); e os premios, alén de menos cuantiosos, resultan, en moitos casos, sexistas (Rivera 2019). Tamén hai que dicir que os medios de comunicación non sempre cobren o deporte feminino na mesma medida que o masculino: Marianne Vos, logo de gañar a proba feminina do Tour de Francia de 2019, atopouse cunha sala de prensa case baleira, só había un periodista (Antena 3 Deportes 2019). Como consecuencia, os éxitos deportivos femininos son máis invisibles e outras mulleres e nenas carecen de modelos para imitar. Un exemplo que reflicte de forma nidia esta realidade é o filme *Bend It Like Beckham (Quero ser como Beckham)*, que conta a historia dunha rapaza que quere xogar ao fútbol e imitar o seu ídolo, que é un home, quizais porque as mulleres futbolistas son moito menos coñecidas.

Nomear cinco futbolistas homes de todos os tempos sería doado case para calquera persoa, nomear cinco mulleres futbolistas xa sería máis complicado. Doutra parte, as deportistas que conseguen grandes éxitos e premios recoñecidos non son tratadas de acordo coa súa categoría: a Ada Hegerberg, a primeira muller en conseguir o Balón de Ouro feminino en 2018, cando subiu a recibilo, o animador da gala preguntoulle se sabía facer *twerking* (Agence France-Presse 2018). De todos os xeitos, a pesar da ausencia de dereitos humanos semellantes, malia que segue a manter modelos de masculinidade e feminidade tradicionais e as pautas de control aumentan, a mocidade española é cada vez máis feminista (Ballesteros, Rubio, Sanmartín e Tudela 2019). Hai que seguir vixiante ante estas transformacións.

Este panorama de atrancos e discriminacións que demanda solucións é o que impulsa a publicación de suxestións e recomendacións no tocante ao tratamento das mulleres deportistas nos medios de comunicación, como as de Pilar López (2011), as cales deberían ser de obrigado cumprimento. Na mesma liña, Elida Alfaro, Mercedes Bengoechea e Benilde Vázquez (2010) analizan a linguaxe sexista no deporte e nos medios de comunicación e propoñen orientacións específicas para as e os profesionais, así como recollen algunhas expresións androcéntricas que cómpre evitarmos e presentan un glosario de termos.

Para o ámbito educativo, Emilia Fernández (2010) coordina a *Guía PAFIC, para la promoción de la actividad física en chicas*, que constitúe un valioso recurso para romper os estereotipos de xénero en primaria e secundaria. Na mesma liña están as tres guías sobre a non-violencia no deporte e na vida xa antes mencionadas, destinadas a docentes



(Mosquera 2004a), nais e pais (Mosquera 2004b) e alumnado de primaria (Mosquera 2004c); xunto con moitas outras iniciativas nos centros escolares orientadas á transformación dos patios escolares (Arquitectura sen Fronteiras 2019), para convertelos en patios feministas fronte ao monopolio do fútbol (Borraz 2019), ou para transmitir a filosofía da non-violencia a través dunha canción incluída nun videoclip<sup>7</sup>.

#### **4. Causas da violencia no deporte**

Cando estamos a falar da violencia nos contextos deportivos, tanto no espectáculo como no patio escolar ou no tempo libre, referímonos a unha realidade moi complexa, con distintas variables que actúan de forma interdependente, de maneira que se só nos ocupamos dalgunhas delas a nosa explicación do fenómeno quedará incompleta. Esta mesma complexidade dáse na violencia de xénero, no acoso escolar ou no acoso laboral. As achegas da perspectiva figuracional de Elias (1999) axúdannos a configurar a idea da estrutura da teoría dos ámbitos intercondicionantes (Sánchez e Mosquera 2011), que representa un dos logros do proceso de investigación destes anos.

A realidade multifactorial da violencia podemos representala graficamente a través dunha figura xeométrica, e, neste sentido, o propio balón de fútbol coas súas pezas hexagonais é un bo exemplo. Desde cada unha desas pezas que conforman o balón temos unha visión do problema, pero, para comprender a totalidade é preciso pasar por cada unha das caras. A teoría dos ámbitos intercondicionantes pretende acadar esa visión holística e distanciarse do enfoque analítico, das teorías que explican o fenómeno desde cada ciencia (Sánchez e Mosquera 2011).

A explicación da violencia non se pode artellar nin desde as ciencias nin desde as correntes de pensamento, ambos os enfoques son parciais e, daquela, incompletos; cómpre unha estrutura que permita integrar as propostas de todas as causas desde as ciencias e as correntes. Por ese motivo o proceso de investigación que levamos a cabo iniciouse coa identificación dos factores que podían desencadear condutas de violencia (Mosquera, Saavedra-García e Domínguez 1997), para, a continuación, situar cada un deses factores nos ámbitos de procedencia, pois estes si que eran a chave do problema.

<sup>7</sup> Páxina de Facebook do proxecto «Nonviolencia. Ti que miras? Actúa», da ANPA do CEIP Rosalía de Castro da Coruña. <https://bit.ly/2ZhfO8Z>.

Despois de varias propostas de estrutura, chégase á conclusión de que os ámbitos dos que proceden os factores de violencia son os seguintes: o individuo, a sociedade, o contexto propio deportivo e o contexto alleo. Este modelo permitiunos ir introducindo na súa estrutura todos os novos factores que ían aparecendo nestas décadas como resultado da transformación da sociedade.

O carácter multifactorial da violencia e a propia definición dos ámbitos como intercondicionantes obríganos a considerar que as causas da violencia non afectan na mesma medida a todos os suxeitos, e que factores que nunha situación foron causa de violencia noutros casos poden non xerala. Ademais, hai factores que poden ter unha dobre condición, de civilizadores ou descivilizadores. Un exemplo sería a presenza policial nos estadios: é necesaria para controlar a violencia, mais tamén pode orixinala. Todas as cuestións mencionadas determinan que cada situación de violencia sexa diferente, pola gran variedade de combinacións de factores que se poden dar. Á parte, aínda que situamos as causas de violencia no ámbito correspondente, resulta evidente que unha mesma causa pode estar presente en diferentes ámbitos pola propia característica da interdependencia.

Este é o caso da cultura machista, que está vinculada ao ámbito do individuo, mais evidentemente procede do ámbito da sociedade, e ambas as áreas están interconectadas; tamén está no contexto propio, no mesmo xogo, e na armazón sociodeportiva que rodea o fenómeno. O machismo é causa da violencia de xénero e igualmente da violencia no deporte. Un exemplo no contexto escolar é o que acontece de xeito habitual no patio do recreo: este é ocupado polos nenos para xogar ao fútbol, mentres as nenas son relegadas a espazos residuais; e, aínda que queiran entrar no partido, non lles pasan o balón ou son colocadas de porteiros. Tamén existen diferentes exemplos no contexto do espectáculo deportivo en calquera categoría: os insultos que reciben as mulleres que arbitran, que son diferentes dos que reciben os árbitros; ou os enfrontamentos físicos e berros dos homes como unha maneira de reforzar a súa masculinidade dentro do modelo hexemónico.

A continuación expoñemos as causas da violencia nos diferentes ámbitos intercondicionantes, partindo das nosas publicacións de carácter didáctico (Mosquera 2004a, 2004b, 2004c) e de orientación académica (Sánchez e Mosquera 2011) referidas ao deporte. No entanto, neste artigo vaise explicar dunha maneira simultánea tanto a violencia no deporte como a violencia de xénero.

a) No ámbito do individuo situamos aqueles factores relacionados cun instinto de agresividade mal encarreirado, coa ausencia de control dos sentimentos de odio, rancor, paixón etc. cara ao contrario ou cara ao propio equipo. Aquí os *símbolos de solidariedade* actuarían como promotores deses sentimentos e emocións de pertenza e de identidade: o himno, os escudos, as bandeiras, as cores etc.

Na violencia de xénero as emocións referiríanse á parella e o sentimento de pertenza aparece por se entender a muller como unha posesión. A falta de tolerancia á frustración por perdela ou porque finaliza a relación e o home non está de acordo, alén da necesidade de identidade e autoafirmación como membro dun equipo ou como home fronte aos demais, tamén esperta condutas negativas extremas. Se ademais a persoa ten limitacións nas súas habilidades sociais de comunicación e de resolución de conflitos, o risco de violencia vai ser maior. Cómpre engadir que a cultura machista, en maior ou menor medida, sempre está presente en todas as persoas, e isto vai favorecer a exteriorización dun modelo masculino moi vinculado ao rol hexemónico, que ten a violencia como un dos atributos da masculinidade.

b) O ámbito da sociedade inclúe factores como a existencia dunha cultura da violencia –macro e micro– na vida cotiá que causa a súa aprendizaxe social. Como exemplos cabe citarmos: insultar a persoa que arbitra, menosprezar o xogo e os logros das mulleres, facer comentarios relativos a que o fútbol é cousa de homes ou que diante das mulleres non se fala de cartos. Tamén motiva a tolerancia fronte a ela e a súa normalización en diferentes situacións: condutas negativas de nais e pais como parte do público, diferenzas económicas nos premios deportivos ou comentarios do tipo «Non chores, que parece unha nena» incluso cando hai nenas presentes.

Así mesmo, inflúe o modelo actual de sociedade, que aínda segue a excluír as persoas diferentes e que non acepta a diversidade de xénero, de raza nin de pensamento. O equipo contrario percíbese como o inimigo, ás nenas non lles pasan o balón en equipos mixtos a pesar de xogar mellor que algúns nenos e as mulleres, en xeral, son vistas como mulleres e non como persoas. Os trazos propios da sociedade na posmodernidade de decadencia (Ballesteros 2000) en que nos atopamos, tamén hai que telos en conta, coa súa filosofía de que todo vale e a súa ausencia de autoridade e límites, en que as normas non se cumpren e as sancións son leves, son perdoadas ou rebaixadas; os espectáculos deportivos entendidos como lugares para liberar tensións; a aceptación de que no tempo de ocio se flexibilicen as normas; e o predominio de valores individualistas e hedónicos por riba dos éticos.

c) No *contexto propio deportivo*, o sitio onde ocorren os feitos, referímonos ao estadio e as inmediatezas, o patio escolar, as actividades extraescolares ou calquera outro lugar,

por exemplo un bar onde se ve un partido, tanto próximo como afastado da localidade en que se xoga, que incluso podería estar noutro país.

Aquí están presentes os factores relacionados co xogo propiamente dito, as accións dos/as xogadores/as, do/a adestrador/a ou monitor/a de actividades, da persoa que arbitra e dos/as espectadores/as. En definitiva, estamos a falar da filosofía deportiva de cada un/unha deles/as: presenza de xogo sucio e ausencia de valores éticos, realización de xogo duro, aproveitar un choque para golpear o/a contrario/a, enfadarse publicamente coas decisións arbitrais ou entender a competición como gañar por enriba de todo. Tamén inflúen as características físicas e de control das instalacións deportivas: presenza policial, separación dos/as seareiros/as, sensación de anonimato proporcionada pola situación de «masa» etc.; así como as características ambientais do lugar onde ocorren os feitos: estadio, rúa, bar, patio escolar, pavillón de deportes etc.

De relacionarmos este ámbito coa violencia de xénero estaríamos a falar das interaccións cotiás na casa e na familia, na escola etc., enmarcadas nunha estrutura patriarcal: maneira de actuar da parella, entre os/as compañeiros/as de equipo ou entre profesorado e estudantes. Igualmente, da contorna próxima que rodea esas interaccións: se normaliza e consente o machismo ou, pola contra, o rexeita e axuda as nenas e as mulleres a empoderaren no día a día.

d) No *contexto alleo* referímonos aos factores da violencia que proceden da estrutura sociodeportiva creada arredor do xogo propiamente dito, é dicir, as institucións e os medios de comunicación que se ocupan do deporte e contribúen a convertelo en espectáculo.

Como factores institucionais destacamos a inhibición dos poderes públicos, o feito de non tomar decisións até que se incrementa o nivel de violencia ou aparece alarma social. Repercute, así mesmo, que a lexislación non sexa axeitada, que non se cumpra ou que a súa interpretación resulte laxa. Así mesmo, hai que mencionar a relación de permisividade dos clubs con determinados grupos de espectadores/as ou a ausencia de promoción de proxectos educativos de intervención, torneos de non-violencia e premios ao xogo limpo, que axudarían a darlles visibilidade e valor ás condutas positivas.

O papel negativo dos medios de comunicación céntrase no sensacionalismo, na repetición excesiva das imaxes, na esaxeración dos feitos, na notoriedade concedida aos/as seareiros/as máis radicais, aínda que tamén é certo que moitas veces alertan do problema e desempeñan, neste sentido, unha función positiva. Outra cuestión negativa do xornalismo deportivo é o reduccionismo do significado que outorga ao deporte, pois só se valoran as vitorias, desprezando o proceso e o bo xogo; ademais, só se ocupa da violencia cando hai un suceso violento, cando debería interesarse por informar

regularmente das iniciativas relacionadas co xogo limpo e a non-violencia que existen. Finalmente, a propia profesionalización do deporte (ingresos, primas, contratos etc.) é un factor de violencia cando a presión desmedida por gañar se une á falta de valores éticos.

Se aplicamos este ámbito á violencia de xénero, referímonos entón ao papel do Estado e á necesidade de adecuar a lexislación á realidade actual, de revisar o concepto de violencia de xénero, de mellorar o apoio e o acompañamento ás vítimas cando denuncian; á presenza do pensamento patriarcal nas decisións xudiciais ou ao atraso das axudas económicas aos/ás fillos/as das mulleres asasinadas. Os medios de comunicación tamén son un factor da violencia de xénero cando non defenden as vítimas, que son cuestionadas máis que o(s) propio(s) agresor(es), e cando falan de mulleres mortas e non de mulleres asasinadas.

## **5. O Código da non-violencia para o deporte e para a vida**

O Código da non-violencia para o deporte e para a vida asume o marco conceptual da cultura da non-violencia e integra, en positivo, todas as condutas que foron identificadas como violencia na construción da teoría dos ámbitos intercondicionantes (Sánchez e Mosquera 2011). O obxectivo deste código non é outro que presentar e describir a cultura deportiva da non-violencia como un modelo, insistimos, en positivo, que axude a reflexionar sobre as formas de actuar, pensar e sentir no deporte e na vida en relación coa violencia e, en particular, sobre a violencia de xénero.

Dado que o devandito código se formula no formato dun cuestionario, resulta un instrumento práctico que pode ser empregado por docentes, adestradores/as, directivos/as, xogadores/as, alumnado ou calquera persoa interesada doutros campos laborais, coa oportuna adaptación. Dunha maneira especial, permítelle ao/á profesional da educación física reflexionar sobre a violencia no deporte, incluídas as condutas de machismo cotián con categoría de violencia de xénero, debido ás diferenzas de status e dereitos das mulleres e os homes. De igual maneira, é posible entendela como formulario de observación de compañeiros/as, alumnado, adestradores/as, outros/as profesionais e persoas en xeral; só hai que pensar no que a persoa observada contestaría.

Unha vez respondido o cuestionario é posible detectar as condutas con que se está de acordo ou en desacordo, mais tamén as que non se levan a cabo –por efecto dunha dobre moral– aínda que se manifeste acordo. Por tanto, quedan identificadas as tarefas

pendentes para mellorar no futuro. Dado que o Código reflicte o *modelo da non-violencia*, deberíase estar de acordo con todos os enunciados formulados.

O Código está organizado en tres apartados: actitudes e comportamentos de xogo limpo e non-violencia, os necesarios para a competición e aqueles que cómpren para a cooperación. Cada un deles recibe o nome de «caixa de correo», pois na experiencia desenvolvida na guía sobre a non-violencia para escolares e persoas curiosas (Mosquera 2004c) propónse depositar as condutas negativas en colectores de reciclaxe para poder transformalas en positivas e logo colocar estas nas caixas de correo dos desexos. Alén das tres categorías (xogo limpo e non-violencia, competición e cooperación), elaboráronse 13 subcategorías e 60 enunciados; non obstante, a versión revisada do Código que se presenta neste artigo inclúe 66 enunciados.

Finalmente ofrécese un contrato e un carné da non-violencia, no caso de que haxa acordo cando menos en 60 frases, por se considerar que noutras pode haber discrepancias motivadas por problemas de interpretación. O obxectivo é demandar o compromiso da persoa que respondeu o cuestionario e facer que xurda o seu sentimento de pertenza ao *Club da non-violencia*.

### CAIXA DE CORREO 1. ACTITUDES E COMPORTAMENTOS DE XOGO LIMPO E NON-VIOLENCIA

#### • **Rexeitamos a violencia física.**

Os/as xogadores/as que, a propósito, dan patadas, agarran o/a contrario/a etc. para interromper o seu xogo, é que non teñen as verdadeiras habilidades deportivas para superalo/a.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ás persoas que habitualmente dan patadas e son demasiado brutos hai que pedirles que se desculpen diante das demais e se comprometan a xogar limpo de aí en diante.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ás persoas que non cumpren o compromiso de xogar limpo e sen violencia, hai que pedirles que abandonen o xogo até que estean dispostas a xogar limpo coas demais.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Non estamos de acordo coas persoas que estragan o que é de todos/as: papeleiras, bancos etc., e realizan pintadas nas paredes dos edificios das demais.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Rexeitamos a violencia verbal.**

Os insultos á persoa que árbitra ou a outros/as xogadores/as nunca axudan a aumentar o marcador e sempre dan unha mala imaxe do deporte, dos/as deportistas e dos/as espectadores/as.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

As persoas que manifestan insultos de odio e rancor cando perden, cando outras xogan mellor que elas etc. non son auténticas deportistas porque non saben perder.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Se hoxe gañas e te burlas dos membros do equipo contrario, lembra que mañá ti tamén podes perder e non che gustará que se burlen de ti. Hai que saber gañar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Xogamos para gañar e superar o equipo contrario, este é o obxectivo da competición, pero non hai ningún xogo deportivo que inclúa a humillación e a burla das demais persoas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Poñerlles alcumes ás demais persoas: paquete, manta, meniña, gordiño, marimacho etc. para burlarse delas non é propio de auténticos/as deportistas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Rexeitamos a violencia xestual.**

Hai que utilizar as normas de cortesía ao rematar o partido e felicitar os membros do equipo contrario. Hai que ser un/unha auténtico/a xogador/a sempre, desde o principio até o final.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Hai que aprender a controlar os xestos e enfados por capricho e non marchar do xogo porque as cousas non saen como queremos.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Os xestos obscenos, cortes de manga etc. non son propios dos/as auténticos/as deportistas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Aceptamos o xogo limpo e respectamos as normas.**

O xogo limpo no deporte e na vida non acepta o excluír a outras persoas por envexas, poñer na súa contra os/as outros/as compañeiros/as etc.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

A deportividade rexeita que se simulen faltas e se fagan trampas para enganar ao/á xuíz/a ou árbitro/a e aos/ás demais deportistas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O/a bo/a deportista cumpre as normas establecidas polo grupo ou o regulamento e tamén denuncia as inxustizas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

A vantaxe no marcador hai que conseguila en igualdade de condicións. Aproveitar a desvantaxe do equipo contrario, cando un/ha dos/as seus/súas xogadores/as caeu e está lesionado/a no campo, non é correcto.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

## **CAIXA DE CORREO 2. ACTITUDES E COMPORTEMENTOS NECESARIOS PARA A COMPETICIÓN**

### **• Todas as persoas somos necesarias para xogar.**

Todos/as os/as integrantes do equipo son necesarios/as, aínda que non poidan participar todos/as sempre nin todos/as á vez.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Se excluímos do xogo aos/ás que consideramos que xogan peor, nunca poderán mellorar e acadar seguridade en si mesmos/as.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Sen equipo contrario non hai competición. Por tanto, non é un inimigo, é o rival que necesitamos para poder competir.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Sen xuíz/a ou árbitro/a non se pode empezar nin terminar un partido oficial. Por tanto, é imprescindible no deporte para que se respecten as regras e se poida decidir quen gaña.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

### **• Ademais de preocuparse de gañar hai que valorar o bo xogo, o progresar e mellorar como persoa e como equipo.**

O importante é participar, porque para poder gañar ou perder hai que participar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ao final da competición, ademais de preocuparse de gañar, hai que falar co profesorado ou o/a adestrador/a sobre como se participou e se se conseguiron as metas propostas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

No deporte, e na vida, é necesario aprender a ter paciencia, aprender a esperar a vitoria e os obxectivos perseguidos.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]



• **Debemos reaprender a gañar e reaprender a perder.**

Nas competicións non poden gañar todos os equipos, porque a competición está organizada para que ao final só haxa un gañador.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Na competición o importante é loitar de forma leal pola vitoria.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Participar na competición ofrece a opción de gañar e a opción de perder. Se non admites o risco de perder, entón é mellor non xogar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ademais de aprender a xogar, é necesario aprender a enfrontarse coa derrota, porque forma parte do xogo e da vida.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Unha derrota non é un fracaso, é a oportunidade para mellorar na próxima ocasión.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Cando perdes, o/a xuíz/a ou árbitro/a non ten a culpa de todo. A persoa que arbitra pode equivocarse, pero todos/as nos equivocamos moitas máis veces do que pensamos.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Debemos estar dispostos/as a admitir a superioridade do equipo contrario.**

Ademais de preocuparse por gañar, hai que aprender a recoñecer as vitorias e a superioridade do equipo contrario.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Unha xogada é boa e un golazo é un golazo, aínda que o marque o equipo contrario.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Como espectadores/as debémolle aplaudir ao noso equipo e ao contrario, esas actitudes marcan as diferenzas entre un/unha bo/a espectador/a e o/a que non o é.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Desde as bancadas, como espectadores/as, sempre nos parece todo moi doado.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

**CAIXA DE CORREO 3. ACTITUDES E COMPORTAMENTOS NECESARIOS PARA A COOPERACIÓN**

• **Rexeitamos os/as deportistas que van por libre. Hai que cooperar.**

Hai que axudar os/as compañeiros/as de equipo e cumprir coas tarefas propias de cada un/unha, iso é cooperar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Cando xogamos hai que implicarse ao máximo no xogo, dar o mellor dun/dunha mesmo/a e gastar todas as enerxías.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Aínda que o equipo contrario é o noso rival, tamén debemos cooperar con el para desenvolver un bo partido e dentro da filosofía do xogo limpo.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

A cooperación tamén implica atender as instrucións do/a árbitro/a: a súa tarefa é axudar a que todo saia ben.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Cooperar tamén significa obedecer as consignas e decisións do/a adestrador/a, dánolas para que todo saia ben na competición.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

As diferenzas de opinión entre participantes durante un partido soluciónaa a persoa que fai de capitá ou de adestradora. E débense falar despois do partido.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

As diferenzas de opinión co/a adestrador/a ou profesor/a deben exporse con actitude de respecto e despois do xogo.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Debemos aprender a controlar o noso comportamento, porque pode ter consecuencias negativas para o equipo (cartóns amarelos, vermellos etc.) e, ademais, os/as nosos/as seguidores/as pódense ver defraudados/as.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

É necesario colaborar na colocación e recollida do material deportivo, porque todos o utilizamos, non é só unha responsabilidade do profesorado ou do/a adestrador/a.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Rexeitamos o modelo dos/as deportistas que cren ser os/as mellores.**

Hai que valorar a todos/as os/as participantes, non só aos/ás que gañan, chegan primeiro, meten máis goles ou conseguen máis puntos.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Nos deportes de equipo non se pode buscar só o éxito propio e destacar por enriba dos/as demais.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Nos deportes, e na vida, o éxito débese a todos os membros do equipo: os que xogan, os que non saíron xogar, o/a adestrador/a, as persoas que ocupan cargos directivos etc.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Os/as xogadores/as que son humildes ante os seus éxitos deportivos son os/as verdadeiros/as deportistas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Hai que comprender os fallos dos/as compañeiros/as, todos/as temos fallos e ningunha persoa é perfecta.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Estamos en contra do machismo e do sexismo.**

Un equipo somos todos e todas, non é correcto converter as nenas en invisibles, ignoralas e non pasarlles o balón só porque son nenas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Excluír as nenas do xogo ou convertelas en invisibles, só porque son nenas, é unha conduta machista e de discriminación.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Un neno, simplemente por ser neno, non xoga mellor que unha nena. Non todos os nenos son bos facendo deporte.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Excluír os nenos, só por ser nenos, das actividades que organizan as nenas é unha actitude de sexismo. Eles teñen calidades para practicalas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O deporte é para todos/as, para os nenos e para as nenas. Cada un/unha achega as súas calidades.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O patio do recreo ou o pavillón é de todos/as, non é propiedade nin dos nenos nin das nenas. Hai que repartir con xustiza o espazo para xogar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O machismo non é o contrario do feminismo.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O feminismo reivindica a igualdade de oportunidades e dereitos para homes e mulleres.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Utilizar unha linguaxe inclusiva ao falar ou escribir é unha maneira de visibilizar as persoas excluídas, as nenas e as mulleres.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

O humor sexista, a linguaxe sexista e a publicidade sexista tamén son exemplos de machismo.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Defendemos o diálogo e a cooperación ante unha discusión ou conflito.**

Ante unha discusión, hai que aprender a escoitar as demais persoas e a organizar quendas para falar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Nunha situación de conflito hai que ser imparciais e recoñecer diante dos/as demais que alguén, aínda que non sexa o/a meu/miña amigo/a, pode ter razón ou boas ideas.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ante unha discusión deportiva hai que ser capaz de poñerse no lugar das outras persoas para poder entender o que pasou e saber realmente como se senten.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Ante un conflito debemos buscar a solución máis xusta para cada caso, e non unha igual para todas as situacións.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

A arbitraje e a mediación son estratexias para afrontar conflitos, pero hai que coñecer as vantaxes e inconvenientes de cada unha.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

• **Debemos ter palabra e cumprir os compromisos adquiridos.**

Despois dunha situación de conflito é fundamental cumprir co que se acordou e lembrarilles aos/ás demais que tamén deben facelo.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

As que non cumpren o acordado non son persoas en que poidamos confiar.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

No deporte e na vida, cada persoa debe cumprir cos seus compromisos e loitar polo que considera xusto e ético, a pesar de que outras non o fagan.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

Se os valores éticos son os que están en primeiro lugar na xerarquía de valores dunha persoa hai garantía de que cumprirá os seus compromisos.

..... De acordo [ ] En desacordo [ ]

## **6. Contrato e carné da non-violencia para profesionais da educación física e o deporte (ou outros/as profesionais)**

Se ao finalizar a contestación do Código a persoa está de acordo con cando menos 60 frases, pode asinar o contrato e cubrir o carné para pertencer ao Club da non-violencia.

### **1. Actitudes e comportamentos de xogo limpo e non-violencia:**

- Rexeitamos a violencia física.
- Rexeitamos a violencia verbal.
- Rexeitamos a violencia xestual.
- Aceptamos o xogo limpo e respectamos as normas.

### **2. Actitudes e comportamentos necesarios para a competición:**

- Todas as persoas somos necesarias para xogar.
- Ademais de preocuparse de gañar, hai que valorar o bo xogo, o mellorar como persoa e como equipo.
- Debemos reaprender a gañar e reaprender a perder.
- Debemos estar dispostos/as a admitir a superioridade do equipo contrario.

### **3. Actitudes e comportamentos necesarios para a cooperación:**

- Rexeitamos os/as deportistas que van por libre. Hai que cooperar.
- Rexeitamos o modelo dos/as deportistas que cren ser os/as mellores.
- Estamos en contra do machismo e o sexismo.
- Defendemos o diálogo e a cooperación ante unha discusión ou conflito.
- Debemos ter palabra e cumprir os compromisos adquiridos.


Nome e apelidos

.....

Coa sinatura deste contrato comprométese a cumprir, no deporte e na vida, o Código da non-violencia e a difundir esta filosofía entre outros/as profesionais da educación física e do deporte ou doutros ámbitos.

Lugar ....., ..... de ..... 20.....

Sinatura

Nombre .....
Apellidos .....
Colegio .....
Lugar ..... día ..... de ..... de 20 .....
 <b>SOCIO DE LA NO VIOLENCIA</b> Firma

## 7. Conclusiones

**Primeira.** O Código da non-violencia para o deporte e para a vida é un recurso que permite identificar as maneiras de obrar, pensar e sentir propias da cultura da non-violencia, aplicables tanto ao mundo do deporte como a outras áreas da vida: o deporte é un reflexo da vida e da sociedade.

**Segunda.** Xa que logo, aínda que vai dirixido a profesionais da educación física e do deporte, tamén é posible que outros/as profesionais poidan aplicalo no seu contexto de traballo.

**Terceira.** A violencia, tanto a que acontece no deporte como a violencia de xénero, é unha construción social, o que implica que o concepto de violencia pode mudar: é posible que se faga máis estrito e nos permita avanzar cara a sociedades máis civilizadas e inclusivas, mais tamén é posible que se retroceda nas conquistas acadadas.

**Cuarta.** A lexislación é un reflexo da sociedade, e malia que avanzou tanto no tocante á violencia no deporte como a respecto da violencia de xénero, permanecen como habituais as condutas denunciabes e discriminatorias. O contido da lexislación ten que pasar á vida cotiá, a cidadanía e as persoas que traballan na política, todas deben coñecerla en profundidade para non dar pé a interpretacións posmachistas que provoquen dúbidas, receos ou malos entendidos. Cómpre continuar a facer pedagogía.

**Quinta.** A teoría dos ámbitos intercondicionantes, aínda que foi construída para explicar a violencia no deporte, como se demostrou, tamén serve para ordenar os factores asociados á violencia de xénero.

## Referencias bibliográficas

- Agence France-Presse/París. 2018. «Polémica por la pregunta a Ada Hegerberg, ganadora del Balón de Oro: “¿Sabes hacer ‘twerking’?”». *Faro de Vigo* 04/12/2018. <https://bit.ly/2ZtYJnw> (Acceso en abril de 2019).
- Aldaz, Juan e Ispizua, Marian. 2019. «Diagnóstico y propuestas co-creadas para la co-gestión de la violencia relacionada con el deporte en Euskadi». <https://bit.ly/2U5aBLV> (Acceso en maio de 2019).
- Alfaro, Elida; Bengoechea, Mercedes e Vázquez, Benilde. 2010: *Hablamos de deporte. En femenino y en masculino*. Madrid: Instituto da Muller. <https://bit.ly/2KULYOS> (Acceso en maio de 2019).
- Antena 3 Deportes. 2019. «La triste realidad de Marianne Vos tras ganar la prueba femenina del Tour de Francia: una sala de prensa vacía». <https://bit.ly/2HoN1UY> (Acceso en xullo de 2019).
- Arquitectura sen Fronteiras. 2019. «Pacios escolares en transformación». *Habitando*, ep. 30. <https://bit.ly/33ZReIA> (Acceso en maio de 2019).
- Ballesteros, Jesús. 2000. *Postmodernidad: decadencia o resistencia*. Madrid: Tecnos.
- Ballesteros, Juan Carlos; Rubio, Anna; Sanmartín, Anna e Tudela, Patricia. 2019. *Barómetro juventud y género 2019. Identidades y representaciones en una realidad social compleja*. Madrid: Centro Reina Sofía sobre Adolescencia e Mocidade e Fundación de Axuda contra a Drogadicción. <https://bit.ly/2ZqpW8f> (Acceso en xuño de 2019).
- Borraz, Marta. 2019. «Pacios feministas contra el monopolio del fútbol: así cambia el recreo cuando niños y niñas pueden jugar a más cosas». *El Diario* 08/06/2019. <https://bit.ly/2IsRPIW> (Acceso en maio de 2019).
- Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte. s. d. «Datos para la memoria 2017/2018». <https://bit.ly/2NDntHA> (Acceso en xuño de 2019).
- Díaz-Aguado, María José. 2016. «La prevención de la violencia de género entre adolescentes». *Educació Social. Revista d'Intervenció Socioeducativa* 63: 11-30.
- Díaz-Aguado, María José e Carvajal, María Isabel (dirs.). 2011. *Igualdad y prevención de la violencia de género en la adolescencia*. Madrid: Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. <https://bit.ly/2VxJiZv> (Acceso en xuño de 2019).
- Elias, Norbert. 1999. *Sociología fundamental*. Barcelona: Gedisa.
- Elias, Norbert e Dunning, Eric. 1992. *Deporte y ocio en el proceso de civilización*. México: Fondo de Cultura Económica.

- Federación Española de Municipios e Provincias e Consello Superior de Deportes. 2011. *Guía para la incorporación de la perspectiva de género a la gestión deportiva local*. Madrid: Federación Española de Municipios e Provincias. <https://bit.ly/2ZfeLqn> (Acceso en xuño de 2019).
- Fernández, Emilia (dir.). 2010. *Guía PAFIC, para la promoción de la actividad física en chicas*. Madrid: Instituto da Muller.
- García, Milagros. 1992. «Las mujeres y el deporte: del “corsé” al “chandal”». *Sistema* 110-111: 37-54.
- García, Manuel e Llopis, Ramón. 2017. «Estructura social de la práctica deportiva». En *Sociología del deporte*, coordinado por Manuel García, Núria Puig, Francisco Lagardera, Ramón Llopis e Anna Vilanova. Madrid: Alianza Editorial.
- Jiménez, Roberto. 2015. *El deporte femenino español en los Juegos Olímpicos*. Madrid: Consello Superior de Deportes. <https://bit.ly/2KSwWsU> (Acceso en maio de 2019).
- López, Pilar. 2011. *Deporte y mujeres en los medios de comunicación. Sugerencias y recomendaciones*. Madrid: Consello Superior de Deportes. <https://bit.ly/2LaZVax> (Acceso en maio de 2019).
- López, María José. 2017. *Mujer, discriminación y deporte*. Madrid: Reus.
- Meil, Gerardo. 2011. *Análisis sobre la macroencuesta de violencia de género 2011*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servizos Sociales e Igualdade. <https://bit.ly/2vuKna1> (Acceso en maio de 2019).
- Mosquera González, María José. 2004a. *Non violencia no deporte e na vida. Guía para docentes e persoas interesadas. Código da non violencia para o deporte e a vida*. A Coruña: Dirección Xeral para o Deporte. <https://bit.ly/2Hk9H95> (Acceso en xullo de 2019).
- Mosquera, María José. 2004b. *Non violencia no deporte e na vida. Guía para nais e pais. Código da non violencia para o deporte e para a vida*. A Coruña: Dirección Xeral para o Deporte. <https://bit.ly/2zocJou> (Acceso en xullo de 2019).
- Mosquera, María José. 2004c. *Non violencia no deporte e na vida. Guía para escolares e persoas curiosas. Código da non violencia para o deporte e para a vida*. A Coruña: Dirección Xeral para o Deporte. <https://bit.ly/2LaJtqt> (Acceso en xullo de 2019).
- Mosquera, María José. 2014. «¿Las mujeres no hacen deporte porque no quieren? ¿Los hombres practican el deporte que quieren? El género como variable de análisis de la práctica deportiva de las mujeres y de los hombres». En *Ciclo de Conferencias «Xénero, Actividade Física e Deporte» celebrado en la Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física, curso 2012-2013*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Mosquera, María José e Puig, Núria. 1998. «Género y edad en el deporte». En *Sociología del deporte*, coordinado por Manuel García, Núria Puig, Francisco Lagardera, Ramón Llopis e Anna Vilanova. Madrid: Alianza Editorial.



Mosquera, María José; Lera, Angela e Sánchez. Antonio. 2000. *Noviolencia y deporte*. Barcelona: INDE Publicaciones.

Mosquera, María José; Saavedra-García, Miguel e Domínguez, Eduardo. 1997. «Os comportamentos dos espectadores de fútbol. Un estudio de observación participante no estadio de Riazor». En *Deporte e humanismo en clave de futuro. VI Congreso de Educación Física e Ciencias do Deporte de Países de Lingua Portuguesa. VII Congreso Galego de Educación Física*, compilado por Miguel Valeiro. A Coruña: INEF-Galicia.

Redacción Marca. 2019. «Odegaard critica a Ada Hegerberg, Balón de Oro feminino, por no acudir al Mundial». *Marca* 09/06/2019. <https://bit.ly/2ZvZ4tS> (Acceso en xuño de 2019).

Rivera, Almudena. 2019. «El premio más sexista y vergonzoso del deporte: un vibrador y un kit de depilación». *Marca* 20/05/2019. <https://bit.ly/2EnRk1r> (Acceso en xuño de 2019).

Sánchez, Antonio e Mosquera, María José. 2011. *Violencia y deporte. La dialéctica de los ámbitos intercondicionantes*. Sevilla: Wanceulen.

Sánchez, Antonio e Mosquera, María José. 2002. «La violencia en los espectáculos deportivos: la teoría de los ámbitos intercondicionantes como propuesta de análisis». En *II Congreso de Ciencias del Deporte. INEF de Madrid, del 14 al 16 de marzo de 2002*, coordinado por Manuel Hernández, Enrique Navarro e Alberto Lorezo. Madrid: Asociación Española de Ciencias del Deporte.